


Mercado de Trabajo 2003 COMUNICADO

NO ANO 2002 A TAXA DE PARO DE GALICIA AUMENTOU CON RESPECTO Ó ANO 2001.

A taxa de paro anual para Galicia no ano 2002 situase nun 12,2% o que significa un incremento de 1,2 puntos sobre a mesma taxa do ano 2001

O paro en Galicia aumentou no ano 2002 con respecto ó ano 2001 segundo os datos da EPA, situándose no ano 2002 nunha taxa de paro dun 12,2% fronte ó 11,0% do ano 2001. Este aumento na poboación parada reflíctese tanto en homes coma en mulleres e así sitúa á taxa de paro masculina nun 8,2% (0,5 puntos por riba da taxa do 2001) e á taxa de paro feminina nun 17,5 % (1,9 puntos por riba da do 2001). Por provincias, A Coruña e Pontevedra son as que maior taxa de paro presentan mentres que as cifras en Lugo e Ourense son moito inferiores tal e como se pode observar na seguinte gráfica.




En canto ós ocupados no ano 2002 produciuse un aumento dun 1,9% con respecto ós ocupados no ano 2001, aumento reflectido en tódolos sectores agás no agrario no que o número de ocupados descendeu, en termos relativos, un 12,8%.

No ano 2002 o número medio de ocupados por fogar en Galicia mantense nos mesmos niveis que no ano 2001.

A *Enquisa de condicións de vida das familias* amosa no ano 2002 que o número medio de ocupados por fogar en Galicia mantense nos mesmos niveis que no ano 2001 que ven sendo de 1,13.

No ano 2002 incrementase o número de asalariados do sector servicios

Segundo o *Directorio de empresas e unidades locais* no ano 2001 o número de asalariados aumentou en 34.636 persoas (un 7,43%) debido principalmente ó aumento orixinado no sector servicios, que aumentou un 9,75%, e ó sector da construción, que medrou un 6,4%, mentres que na industria case non se producen cambios.



No ano 2002 rexistráronse en Galicia un total de 47.594 accidentes en xornada de traballo con baixa, 1.198 máis dos que se rexistraran no ano 2001.

No ano 2002 os accidentes en xornada de traballo con baixa aumentaron un 2,6%, este aumento débese fundamentalmente a un incremento nos accidentes leves, que pasan de 45.347 no ano 2001 a 46.584 no ano 2002. Resaltar tamén que os accidentes leves representan en Galicia no ano 2002 o 97,98% do total.

En canto á desagregación por sectores económicos, 3.425 accidentes producíronse na agricultura e pesca, mentres que nos sectores da industria, construción e servicios rexistráronse 15.336, 12.552 e 16.461 accidentes respectivamente. No que respecta á distribución provincial dos accidentes de traballo, a provincia de Pontevedra é a que rexistra un maior número cun total de 19.785, seguida da provincia da Coruña, na que suman un total de 19.171. A maior distancia atópanse as provincias de Lugo e Ourense, con 4.525 e 4.113 accidentes respectivamente.

Para máis información:

IGE. *Mercado de traballo 2003*

Instituto Galego de Estatística
Complejo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es